

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto harmonizado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol	
Número expediente	AVH 03008 20/06	Cívidas 2018025369
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	11 de xaneiro de 2021	
Hora de inicio	11:11:00	
Hora remate	11:56:00	
Asistente sen voto	Mediante videoconferencia na aplicación GOOGLE MEET: <ul style="list-style-type: none"> • Don Alberto Castro Casado, enxeñeiro municipal. • Dona Martina Aneiros Barros, representante do grupo municipal PP. 	
Excusa asistencia	Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa de servizo de Contratación	

Presidente:

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

Vocais:

Dona Paula Vázquez Carrasco, Oficial Maior, en substitución do secretario xeral; don Luis Ramón Vázquez Parga, viceinterventor, en substitución da interventora municipal (en virtude de resolución de Alcaldía-Presidencia de data 30/10/2020), dona Ana Lamas Villar, concelleira delegada da área propoñente do contrato (Servizos) e dona Milagros Puig Mosquera, en substitución da xefa do servizo propoñente do contrato (Servizos).

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA

1.- Acto de apertura e calificación sobre 1: “Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos” para o expediente AVH 03008 20/06 “Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol”.

O presente acto ten por obxecto proceder á apertura das ofertas electrónicas presentadas para o expediente de referencia.

En primeiro lugar; dase conta do procedemento seguido; da data de remate do prazo de licitación, o día 29/12/2020 ás 23:59 horas, e das ofertas presentadas transcorrido dito prazo; todas en prazo.

EMPRESA
ASCENSORES ENOR, SL
ASCENSORES CUME24, SL
GENERAL ELEVADORES XXI, SL
ORONA, S. COOP.
THYSSENKRUPP ELEVADORES, SLU

De seguido; se procede co descifrado e a apertura electrónica das proposicións presentadas.

Realizada a apertura electrónica de sobres, se procede co estudo da documentación presentada, resultando como segue:

EMPRESA	SOBRE 1
ASCENSORES ENOR, SL	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración responsable, axustada ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), aprobado a traves del Reglamento (UE) no 2016/7, de 5 de xaneiro • Outras declaracións e compromisos complementarios, conforme ao modelo Anexo ao PCAP
ASCENSORES CUME24, SL	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración responsable, axustada ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), aprobado a traves del Reglamento (UE) no 2016/7, de 5 de xaneiro • Outras declaracións e compromisos complementarios, conforme ao modelo Anexo ao PCAP

- Tendo en conta que na declaración DEUC presentada pola licitadora non constan dato algún relativos á *Parte I do modelo-apartado B "Información sobre los representantes del operador económico"*, e en concreto: nome e dirección da persona que actúa en nome e representación da licitadora e información detallada sobre a representación (as súas formas, alcance, finalidade ...); se procede a realizar consulta telemática no ROLECE (según dato referido polo licitador) para comprobar a suficiencia do poder de quen presenta e asina a oferta en nome da licitadora no presente procedemento.

Realizada a comprobación favorable do anterior, continúa a sesión.

GENERAL ELEVADORES XXI, SL	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración responsable, axustada ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), aprobado a traves del Reglamento (UE) no 2016/7, de 5 de xanero • Outras declaracións e compromisos complementarios, conforme ao modelo Anexo ao PCAP
ORONA, S. COOP.	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración responsable, axustada ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), aprobado a traves del Reglamento (UE) no 2016/7, de 5 de xanero • Outras declaracións e compromisos complementarios, conforme ao modelo Anexo ao PCAP
THYSSENKRUPP ELEVADORES, SLU	<ul style="list-style-type: none"> • Declaración responsable, axustada ao formulario do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), aprobado a traves del Reglamento (UE) no 2016/7, de 5 de xaneiro • Outras declaracións e compromisos complementarios, conforme ao modelo Anexo ao PCAP

Rematado o exame do contido dos sobres 1; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos dos vocais asistentes, acordou:

- CALIFICAR favorablemente as declaracións DEUC e outras declaracións e compromisos complementarios que presentan as cinco licitadoras interesadas no procedemento nos seus respectivos sobres 1.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 18/01/2021; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*